

“Das comunidades, a orixinaria é a casa familiar. A familia é a comunidade, constituída por natureza, para a satisfacción do cotián. A cidade é a comunidade, procedente de varias aldeas, perfecta, xa que posúe, para dicilo dunha vez, a conclusión da autosuficiencia total (autárkeia), e que ten a súa orixe na urxencia do vivir, pero subsiste para o vivir ben. Así que toda cidade existe por natureza, do mesmo modo que as comunidades orixinarias.

(...) Por tanto, está claro que a cidade é unha das cousas naturais e que o home é, por natureza, un animal cívico (zôón politikón). E o inimigo da sociedade cidadán é, por natureza, e non por casualidade, ou ben un ser inferior ou máis que un home.

(...) Así que está claro que a cidade é por natureza e é anterior a cada un, xa que se cada individuo por separado non é autosuficiente, estará na mesma posición que as demais partes en relación ao todo. E o que non pode vivir en sociedade, ou non necesita nada para a súa propia suficiencia, non é membro da cidade, senón como unha besta ou un deus.”

Aristóteles. Política.

CUESTIÓN TEXTUO:

1. ¿Que importancia ten a cidade (polis) en relación ao ser humano?, ¿que significa que *ten a súa orixe na urxencia do vivir, pero subsiste para o vivir ben*? Argumenta a resposta.
2. ¿Segundo Aristóteles, podería existir humanidade fóra da cidade?, ¿que diría do caso de Víctor de Aveyron?, ¿consideraríao un ser humano?, ¿pensaría que se trata dun deus, un animal gregario ou unha besta? Explica as cuestións e incorpora as citas necesarias.